



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Abril 2017


Santiago de Compostela, 07 de xuño de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2017

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en abril de 2017 un retroceso do 9,5% con respecto a abril de 2016, mentres que a nivel nacional decreceu un 10,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 3,2%; pola contra os bens de equipo, os bens intermedios e a enerxía decreceron un 11,8%, 4,2% e 30,7% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que resta 6,2 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que resta 2,7 puntos e a “fabricación doutro material de transporte” que resta 1,6 puntos.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan a “fabricación de produtos metálicos” que suma 1,3 puntos, a “confección de roupa de vestir” que achega 0,7 puntos e a “fabricación de maquinaria e equipamento” que achega 0,5 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Abril 2017



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de abril de 2017 en Galicia acadou unha taxa interanual do -9,5%, empeorando en 7,4 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-2,1%). En España rexistrouse unha caída do 10,2%, empeorando en 19,5 puntos a taxa acadada no mes anterior (9,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 3,2%, o que suma 0,8 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un retroceso do 11,8%, o que resta 2,8 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** decreceron un 4,2% cunha repercusión negativa de 1,2 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que baixa un 30,7% e resta 6,3 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de marzo de 2017, por destino económico, os bens de consumo empeoran 3,9 puntos, os bens de equipo empeoran 12,3 puntos, os bens intermedios empeoran 11,1 puntos e a enerxía cae 3,3 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de abril foron: a “produción de enerxía eléctrica” que resta 6,2 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que resta 2,7 puntos e a “fabricación doutro material de transporte” que resta 1,6 puntos.

No que respecta ás repercusións positivas, entre elas destacan a “fabricación de produtos metálicos” que suma 1,3 puntos, a “confección de roupa de vestir” que achega 0,7 puntos e a “fabricación de maquinaria e equipamento” que achega 0,5 puntos á taxa interanual..

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 2,2% de Andalucía e o -24,5% de Castilla y León. Ademais desta última, presentan crecementsos interanuais inferiores á media estatal: Aragón (-11,3%), País Vasco (-11,4%), Navarra (-11,9%), Cataluña (-12,1%), Madrid (-12,1%) e La Rioja (-22,6%).

IPI abril 2017 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Abril 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	88,6	-9,5	-4,5	--	--
Bens de consumo	112,0	3,2	4,6	0,8	1,2
Bens de equipo	68,9	-11,8	-6,1	-2,8	-1,4
Bens intermedios	95,8	-4,2	0,7	-1,2	0,2
Enerxía	79,5	-30,7	-19,1	-6,3	-4,4
España					
Xeral	89,9	-10,2	1,0	--	--
Bens de consumo	86,6	-11,3	-0,3	-3,1	-0,1
Bens de equipo	93,5	-17,4	-0,8	-4,1	-0,2
Bens intermedios	93,1	-6,7	3,7	-2,1	1,2
Enerxía	85,3	-5,3	0,3	-0,9	0,0

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Abril 2017

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-9,5		-4,5		
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e	17,5	1,3	10,7	0,8	8,7
Confección de roupa de vestir	13,6	0,7	14,7	0,8	5,3
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	37,5	0,5	29,0	0,4	2,1
Fabricación de bebidas	9,2	0,4	4,3	0,2	3,6
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	7,7	0,3	9,2	0,4	3,8
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	5,1	0,1	0,5	0,0	3,2
Industria do papel	3,3	0,1	2,7	0,0	1,8
Fabricación de mobles	2,0	0,0	3,4	0,0	1,6
Industria téxtil	10,2	0,0	-1,3	0,0	0,2
Industria química	-3,4	-0,1	5,5	0,1	1,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-6,8	-0,1	-0,3	0,0	1,2
Outras industrias extractivas	-14,1	-0,1	-16,9	-0,1	1,7
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-2,3	-0,1	0,0	0,0	5,0
Outras industrias manufactureiras	-16,5	-0,1	-3,8	0,0	0,4
Industria da alimentación	-3,8	-0,5	0,4	0,1	12,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-15,6	-0,6	-2,0	-0,1	3,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-14,1	-0,8	-7,1	-0,4	4,5
Fabricación doutro material de transporte	-46,9	-1,6	-39,4	-1,3	6,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-20,4	-2,7	-5,7	-0,7	11,4
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-35,4	-6,2	-23,0	-4,7	14,7
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Abril 2017

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	89,9	-10,2	1,0
Galicia	88,6	-9,5	-4,5
Andalucía	88,7	2,2	3,8
Aragón	90,4	-11,3	0,4
Asturias	83,4	-0,9	3,0
Balears (Illes)	85,7	-2,0	4,0
Canarias	87,1	-2,2	0,9
Cantabria	93,2	-7,3	6,0
Castilla - La Mancha	87,2	-5,3	1,8
Castilla y León	84,2	-24,5	-7,9
Cataluña	97,3	-12,1	1,8
Comunitat Valenciana	98,1	-9,3	1,8
Extremadura	76,4	-6,2	5,9
Madrid	79,8	-12,1	0,4
Murcia	82,4	-6,7	6,4
Navarra	89,8	-11,9	3,6
País Vasco	88,9	-11,4	2,3
Rioja (La)	74,6	-22,6	-6,8

Fonte: INE